



GaliciaHoxe.com Radio Obradoiro Correo tv terras anova

elCorreoGallego.es Lunes 10.06.2013 | Actualizado 18.59 [RSS](#)

Portada Santiago Terras de Santiago Galicia Panorama Deportes Tendencias
El tiempo Fotos Callejero Páginas amarillas Páginas blancas

Santiago | local@elcorreogallego.es | [RSS](#)



1.0/5

Comentar (0)

0

Me gusta 2

Twitter 0

Imprimir

Enviar por correo

Fontiñas acollerá un mercado solidario infantil e xuvenil o venres 14 de xuño

07.06.2013

[A-](#) [A+](#)

A concelleira de Benestar Social, María Castelao presentou en rolda de prensa o proxecto Trócame Roque, un mercado solidario infantil e xuvenil promovido polas entidades sociais, educativas e sanitarias do barrio de Fontiñas. O evento desenvolverase o venres 14 de xuño, de 16:30 a 19:30 horas, no centro comercial Área Central, coincidindo tamén coas festas do barrio.

Esta mercado súmase á ampla gama de actividades que vén realizando o grupo comunitario do barrio de Fontiñas. O seu obxectivo é fomentar a dinamización social na zona, reforzar o tecido asociativo do barrio e reforzar os espazos de encontro, activar os procesos de

JAZZTEL
DISTRIBUIDOR AUTORIZADO

Pack Ahorro

ADSL
HASTA 30Mb

**+
MÓVIL**
100 min
100 Mb

19,95
€/mes

SÚPER PROMO

Samsung Galaxy Tab 27.0 + Samsung ACE

10
€/mes

solidariedade e concienciar aos máis novos sobre a realidade social e comunitaria.

Nenos e mozos entre 8 e 18 anos serán os protagonistas deste mercado, baseado na venda ou no troco de produtos feitos a man por eles mesmos ou artigos de segunda man (cómic, libros, xogos, xoguetes, videoxogos, CDs, DVDs...). Logo, cada posto doará a cantidade que, en conciencia, considere debe chegar.

Co recadado con este mercado preténdese contribuír a sufragar un proxecto solidario no propio barrio de Fontiñas, neste caso a dotación de equipamento básico urxente para unha vivenda, e a apoiar unha iniciativa comunitaria de mellora do espazo próximo ao parque infantil da rúa Londres. Trátase de realizar un circuíto que reflicta a estrutura urbanística do barrio e se converta nun elemento de apoio ao xogo infantil. Do deseño deste circuíto encargáranse Marisa Calderón profesora do Departamento de Educación Plástica e Visual do IES Antonio Fraguas, e o alumnado de Debuxo Artístico do devandito centro.

Actividades complementarias

Arredor do mercado celebráranse outras actividades. Así, ás 16:30 horas, inaugurarase o evento coa actuación musical do coro de alumnas e alumnos do IES Antonio Fraguas, dirixido polo profesor Carlos Encisa.

Durante a tarde, entre as 17:00 e as 19:00 horas desenvolveranse diversos obradoiros promovidos pola Cruz Vermella (xogos de grupo dinamizados polo voluntariado e obradoiros de manualidades); o Centro de Información á Muller (decoración de bolsas coa temática "Bolsas polo troco"; e pola UMAD (obradoiro de

breakdance). Pecharanse as actividades ás 19:00 horas, cunha exhibición de breakdance a cargo da Asociación Vella Escola e dos alumnos da Escola Municipal de Breakdance.

Tamén se instalará unha mesa informativa na que se difundirá o traballo das distintas entidades sociais, educativas e sanitarias do barrio. Alí haberá mostras do material que, dende o eido comunitario, se vén elaborando nos quince anos de traballo.

Durante a xornada proxectaranse diferentes vídeos que amosan as actividades realizadas no barrio de Fontiñas: Kamelamos guinar (2005), Rúas de vida (2009), A educación hoxe, onte e antonte (2011), Fraguando a diversidade (2012) e En rede: o educativo e o comunitario camiñan da man no barrio de Fontiñas (2012).

A concelleira María Castelao estivo acompañada na rolda de prensa por María Dolores Sanz, orientadora do IES Antonio Fraguas; Alicia Castelo, educadora social do Programa de Apoio a Familias Abeiro; Eva Ramos, educadora social do devandito programa; Isabel Suárez, coordinadora do Equipo da Fundación Secretariado Xitano de Santiago de Compostela; e Pablo Méndez, técnico de Xuventude da Cruz Vermella de Santiago.

[Cursos Gratis 2013](#)

Apúntate este mes - Cursos 2013. Buscador Cursos FP. ¡Infórmate!
cursosformacionprofesionalfp.com



DESTACAMOS



Cuatro personas heridas al salirse de la vía su...

Ocurrió en la parroquia compostelana de Fecha // Tienen entre 25 y 36 años **más**



Vaillant te lleva de vacaciones, ¡cambia de aire!

La nueva gama de aire acondicionado VAI 6 de Vaillant te lleva de crucero, de viaje, de safari... Descúbrela aquí y... [más](#)

PUBLICIDAD



Crecen las familias gallegas con niños que...

Aumentaron un 26% // Confapa admite casos de menores cuya única comida es la del colegio // Galicia, muy lejos de... [más](#)



Rueda sitúa como 'objetivo' del PPdeG renovar los...

El número dos de los populares gallegos llama a mantener la 'unidad' para 'apoyar la labor de gobierno' y proclama que... [más](#)



La ría de Aveiro inunda Compostela de cultura,...

Representantes institucionales y turísticos de esta región lusa buscan captar en la capital gallega potenciales... [más](#)



Nuevo Macbook Pro 82 €?

Los españoles consiguen chollos aprovechando un extraño vacío legal: Los expertos explican como... [más](#)

PUBLICIDAD

Anúnciese Aquí

powered by plista

Escribe tu comentario

Para escribir tus comentarios en las noticias, necesitas ser usuario registrado. [Si no lo eres regístrate ahora](#)

Alias

Clave

Título

Comentario

1000 Caracteres disponibles

enviar

www.elcorreogallego.es no se hace responsable de las opiniones de los lectores y eliminará los comentarios considerados ofensivos o que vulneren la legalidad.

NUEVO 500L
POR 12.500€



CREC
4 AÑOS
BONUS ECC

LEGALES

[Portada](#) [Santiago](#) [Terras de Santiago](#) [Galicia](#) [Panorama](#) [Deportes](#) [Tendencias](#)



Ante cualquier duda, problema o comentario en las páginas de El Correo Gallego envíe un e-mail a info@elcorreogallego.es. [Titularidad](#) y [política de privacidad](#)

© 2013 www.elcorreo
Todos los derechos reservados
reproducción parcial o total sin
expresa autorización